



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Farmacoloxía		Código	750G01011
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdePsicoloxía			
Coordinación	Dios Romero, Serafin De	Correo electrónico	s.dedios@udc.es	
Profesorado	Dios Romero, Serafin De	Correo electrónico	s.dedios@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	O obxectivo desta asignatura é que o/a alumno/a adquira os coñecementos necesarios para integrar eficientemente, nos cuidados de enfermaría, a aplicación dos tratamentos farmacolóxicos como función derivada do seu exercicio profesional. Preténdese que o/a alumno/a adquira uns coñecementos básicos de farmacoloxía clínica, da función dos medicamentos na sociedade e en relación coa súa actividade como profesional de enfermaría e dos efectos dos medicamentos nos pacientes que serán obxecto da súa actividade profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Describir os aspectos básicos sobre a regulación e rexistro dos medicamentos en España	A4	B1	C1
	A5	B2	C3
	A6	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B8	C8
		B9	C9
		B12	C10
		B13	
		B16	
		B20	
		B21	



Explicar os principios de farmacocinética e farmacodinamia dos medicamentos e a súa aplicación no proceso de utilización, especialmente no relativo a eficacia e seguridade	A4	B1	C1
	A5	B2	C3
	A6	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B8	C8
		B9	C9
		B12	C10
		B13	
		B16	
Identificar os principais grupos terapéuticos dos medicamentos e a súa aplicación para a prevención, tratamento e curación das enfermidades	A4	B1	C1
	A5	B2	C3
	A6	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B8	C8
		B9	C9
		B12	C10
		B13	
		B16	
Explicar os usos clínicos, accións e efectos adversos máis frecuentes, así como a forma correcta de administración dos medicamentos	A4	B1	C1
	A5	B2	C3
	A6	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B8	C8
		B9	C9
		B12	C10
		B13	
		B16	

Contidos	
Temas	Subtemas



PRINCIPIOS XERAIS DA FARMACOLOXÍA CLÍNICA E DA UTILIZACIÓN DE MEDICAMENTOS	1.- Farmacoloxía: Conceptos básicos. As actividades e/ou divisións da farmacoloxía. A farmacoloxía orientada ao paciente e á comunidade. A responsabilidade actual de enfermaría no uso de medicamentos. 2.- Selección de medicamentos. Guías de medicamentos. Ficha técnica. Medicamento xenérico. O uso racional do medicamento. Adherencia ao tratamento. Información de medicamentos. Condicións de conservación dos medicamentos. 3.- Conceptos importantes en farmacocinética. Farmacocinética clínica. A farmacodinamia: mecanismos de acción. A administración de medicamentos: vías de administración e formas farmacéuticas. 4.- Situacións que modifican a resposta aos fármacos. Situacións fisiolóxicas e patolóxicas. Administración e uso de medicamentos en insuficiencia renal, anciáns, pediatría, embarazo e lactación. 5.- O ensaio clínico controlado. Estudos de utilización de medicamentos. Farmacoeconomía. 6.- Os efectos indesexables dos medicamentos: concepto, clasificación, prevención e repercusións. Farmacovixilancia. Erros de medicación. 7.- Interaccións medicamentosas.
GRUPOS TERAPÉUTICOS DE MEDICAMENTOS	1.- Antiinfecciosos: Antibióticos, antifúnxicos, antivirais. Antisépticos. Desinfectantes. Política de antibióticos. 2.- Fármacos que actúan sobre o sistema nervioso autónomo. 3.- Dor. Analxésicos e antiinflamatorios. Analxésicos opiáceos. Tratamento da dor. 4.- Psicofármacos: hipnóticos-sedantes, antidepressivos, antipsicóticos. Fármacos para procesos neurolóxicos: antiparkinsonianos, anticonvulsivantes 5.- Fármacos activos sobre problemas cardiovasculares: Hipertensión, hiperlipidemias, insuficiencia cardíaca, cardiopatía isquémica. 6.- Anticoagulantes e antiagregantes plaquetarios. Medicamentos que actúan sobre o sistema endócrino: antidiabéticos. 7.- Medicamentos que actúan sobre o aparato dixestivo: antiácidos, antiulcerosos, laxantes. Medicamentos que actúan sobre o aparato respiratorio: mucolíticos, antitusígenos, broncodilatadores.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 A5 A6	1	0	1



Sesión maxistral	A4 A5 A6 B3 B6 B8 B13 B16 B20 B21	20	50	70
Obradoiro	A4 A5 A6 B1 B2 B4 B5 B9 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10	19	42	61
Proba de resposta múltiple	A4 A5 A6 B1 B2 B3	2	12	14
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O curso comezará cunha sesión expositiva dunha hora de duración na que se presentará a asignatura e expoñeráse con detalle o traballo a realizar durante o cuatrimestre, así como os criterios de avaliación.
Sesión maxistral	Exposición oral e con medios audiovisuais dos temas que compoñen o programa da asignatura.
Obradoiro	Sesións sobre os temas expostos na sesión maxistral co fin de aclarar puntos claves e/ou dúbidas dos/das alumnos/as. Combinaranse diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, casos clínicos, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado
Proba de resposta múltiple	50 preguntas con 5 respostas das cales só unha é correcta. Non se aplica factor de corrección por respostas non acertadas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Resposta a consultas suscitadas polo alumno. Posibilidade de ampliación de coñecementos

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A4 A5 A6 B1 B2 B4 B5 B9 B12 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10	Puntúase a asistencia do/da alumno/a e o resultado das probas realizadas.	20
Proba de resposta múltiple	A4 A5 A6 B1 B2 B3	O/A alumno/a deberá realizar unha proba de 50 preguntas tipo test con resposta múltiple, unha correcta de entre 5 posibles. Non puntúa negativo. O aprobado (5) estará no 70% das respostas correctas (35). Para superar esta proba, e por tanto a asignatura, haberá que obter como mínimo un 5.	80

Observacións avaliación
O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art.º 5 do Real Decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable) Considerarase non presentado aquel/aquela alumno/a que non asista ao exame final. Os/As alumnos/as con matrícula a tempo parcial deben mandar un correo electrónico ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso. Neste caso, a avaliación dos obradoiros realízase pola entrega dos exercicios propostos por correo electrónico. A avaliación da proba de resposta múltiple realízase seguindo as indicacións desta guía. Alumnos/as con segunda matrícula e posteriores: segúranse os criterios de avaliación propostos nesta guía. Oportunidade adiantada: Os criterios rexíranse polos establecidos nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario da UDC".

Fontes de información



Bibliografía básica	1. Laporte JR y Tognoni G. Principios de epidemiología del medicamento. 2ª edición Colección Salud Pública De Masson y Salvat Barcelona 1993. 2. Lehne RA. Pharmacology for nursing care. Ed WB Saunders, Philadelphia 1990. 3. Flórez J, Armijo JA, Mediavilla A. Farmacología Humana. Ed Masson y Salvat, última edición. 4. Villa LF. MEDIMECUM 2016. Adis International. Una edición cada año. Madrid, 2010 y años sucesivos (edición anual). 5. Goodman y Gilman. Las Bases Farmacológicas de la Terapéutica. Última edición. Ed. McGraw-Hill. 6. JM Mosquera; P. Galdós. Farmacología y Clínica para Enfermería. Ed. McGraw-Hill. 7. Rodríguez-Carranz. Guía de Farmacología y Terapéutica. Ed. McGraw-Hill Interamericana. Madrid 2007. 8. Pacheco del Cerro. Farmacología y Práctica de Enfermería. 1ª ed. Ed. Masson 2006. 9. Velázquez (Lorenzo, Moreno, Leza, Lizasoain, Moro, Portolés). Farmacología Básica y Clínica. 18ª ed. 2009. 10. Catálogo de Especialidades Farmacéuticas (Medicamentos) 2016. Ed. Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos. 11. Castells Molina, Hernández Pérez. Farmacología en Enfermería. 3ª ed. Ed. Elsevier 2012.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE DO MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos que se realicen será a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corríxilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías